

Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SALVATERRA DE MIÑO

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

O Pleno do Concello de Salvaterra de Miño, na sesión extraordinaria e urxente, que tivo lugar o día 02 de novembro de 2021, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, mediante a modificación do artigo 2.

En cumprimento do disposto no artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles do Concello de Salvaterra de Miño, someteuse a información pública mediante un anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 221, de data 16 de novembro de 2021, e no diario "FARO DE VIGO", de data 10 de novembro de 2021, uns dos de maior tirada da provincia de Pontevedra, polo prazo de trinta días hábiles, iniciándose dita exposición pública o día 16 de novembro de 2021 e finalizando o día 30 de decembro de 2021 (ambos inclusive)

Unha vez finalizado o período de exposición pública e ao non presentarse reclamacións, reparos ou observacións dentro do prazo mencionado, enténdese definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles do Concello de Salvaterra de Miño.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a continuación a publicar o texto íntegro da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo outorgamento de Licenzas e outros servizos urbanísticos do Concello de Salvaterra de Miño, aprobadas polo Pleno do Concello de Salvaterra, na sesión extraordinaria e urxente, do día 02 de novembro de 2021, e que son as seguintes:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES

ARTIGO 2

1. O tipo de gravame do imposto sobre Bens inmobles aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado no 0,40%.

2. O tipo de gravame do imposto sobre Bens inmobles aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,40%. O coeficiente para o cálculo do valor base na determinación da base liquidable do IBI dos inmobles de natureza rústica ocupadas por construcións será 0,75.



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

3. Bonificacións potestativas:

a) Ao amparo do previsto no artigo 74.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, aplicarase unha bonificación do 10 por 100 da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmobles urbanos situados en zonas do municipio que, conforme ao planeamento urbanístico, estean catalogadas como solo de Núcleo Rural. A presente bonificación aplicarase de oficio.

b) Ao amparo do previsto no artigo 74.2 quáter do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, aplicarase unha bonificación da cota íntegra do imposto en favor de inmobles urbanos, sempre que así se solicite polos interesados, nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre en cando implique creación de emprego, durante os tres períodos impositivos seguintes ao de implantación da nova actividade ou o de ampliación das instalacións. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

c) Ao amparo do previsto no artigo 74.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, aplicarase unha bonificación do 30 por cento da cota íntegra do imposto para os bens inmobles, sempre que así se solicite polos interesados, nos que se instalen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol, durante os tres períodos impositivos seguintes ao da instalación dos mesmos. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente, así como da oportuna licenza municipal.

Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a tenor da normativa específica na materia.

4. No caso de que fose procedente máis dun beneficio fiscal na cota deste imposto, aplicarase só o de maior contía.



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

Unha vez introducidas na Ordenanza as citadas modificacións, aprobadas polo Pleno na sesión do día 02 de novembro de 2021, que entrarán en vigor unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, o texto refundido da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles do Concello de Salvaterra de Miño, publicada inicialmente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 221, de data 16 de novembro de 2021, queda como segue:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES

ARTIGO 1.-

De conformidade co previsto nos artigos 60 a 77 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais, o tipo de gravame do imposto sobre Bens inmóbles aplicable a este Concello queda fixado nos tgermos que se establecen no artigo seguinte.

ARTIGO 2.-

1. O tipo de gravame do imposto sobre Bens inmóbles aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado no 0,40%.

2. O tipo de gravame do imposto sobre Bens inmóbles aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,40%. O coeficiente para o cálculo do valor base na determinación da base liquidable do IBI dos inmóbles de natureza rústica ocupadas por construcións será 0,75.

3. Bonificacións potestativas:

a) Ao amparo do previsto no artigo 74.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, aplicarase unha bonificación do 10 por 100 da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmóbles urbanos situados en zonas do municipio que, conforme ao planeamento utbanístico, estean catalogadas como solo de Núcleo Rural. A presente bonificación aplicarase de oficio.

b) Ao amparo do previsto no artigo 74.2 quáter do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, aplicarase unha bonificación da cota íntegra do imposto en favor de inmóbles urbanos, sempre que así se solicite polos interesados, nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre en cando implique creación de emprego, durante os tres períodos impositivos seguintes ao de implantación da nova actividade ou o de ampliación das instalacións. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

c) Ao amparo do previsto no artigo 74.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, aplicarase unha bonificación do 30 por cento da cota íntegra do imposto para os bens inmobles, sempre que así se solicite polos interesados, nos que se instalen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol, durante os tres períodos impositivos seguintes ao da instalación dos mesmos. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente, así como da oportuna licenza municipal.

Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a tenor da normativa específica na materia.

4. No caso de que fose procedente máis dun beneficio fiscal na cota deste imposto, aplicarase só o de maior contía.

ARTIGO 3.-

Establécese unha exención a favor dos bens dos que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que os mesmos estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos de ditos centros. Para a concesión da exención requirirase a previa solicitude do interesado na que se relacionen, con indicación da súa referencia catastral, os bens para os que se solicita a exención e se xustifique a titularidade do mesmo polo Centro sanitario, e a súa afección directa aos fins sanitarios de ditos Centros.

Os beneficios rogados deberán ser solicitados de conformidade coa normativa vixente ata o 31 de decembro do exercicio anterior o do deveción.

As precedentes modificacións, entrarán en vigor o mesmo día da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

Recursos procedentes:

Contra este acordo de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles do Concello de Salvaterra de Miño, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderá interporse polos interesados recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), e todo iso sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente e sexa conforme a Dereito.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

A Alcaldesa — Marta Valcárcel Gómez

Documento asinado dixitalmente á marxe.

